

CM Carpintería e moble

Ciclo formativo de grao medio

Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? A competencia xeral deste título consiste en fabricar elementos de carpintería e mobles, realizando os procesos de mecanizado, montaxe, acabado, almacenamento e expedición de produtos, cumprindo as especificacións de calidade, seguridade e protección ambiental.

En que ámbitos se traballa? Este profesional exerce a súa actividade nas industrias dedicadas á fabricación e a montaxe de moblaxe e elementos de carpintería, e na aplicación de produtos de acabado.

Que ocupacións se desempeñan? Operador/ora de máquinas fixas para fabricar produtos de madeira; operador/ora de prensas; operador/ora armador/ora en banco; montador/ora ensamblador/ora de elementos de carpintería; vernizador/ora lacador/ora; responsable de sección de acabamentos.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0542	Control de almacén	53
1º	MP0548	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0538	Materiais en carpintería e moble	133
1º	MP0540	Operacións básicas de carpintería	240
1º	MP0541	Operacións básicas de moblaxe	240
1º	MP0539	Solucións construtivas	187
2º	MP0547	Acabamentos en carpintería e moble	87
2º	MP0543	Documentación técnica	140
2º	MP0549	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0550	Formación en centros de traballo	410
2º	MP0544	Mecanizado de madeira e derivados	158
2º	MP0545	Mecanizado por control numérico en carpintería e moble	105
2º	MP0546	Montaxe de carpintería e moble	87

Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén? Técnico en Carpintería e Moble

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditan se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables
MP0540	Operacións básicas de carpintaría.	UC0160_2 Preparar máquinas e equipamentos de taller.
MP0541	Operacións básicas de moblaxe.	
MP0544	Mecanizado de madeira e derivados.	UC0161_2 Preparar máquinas e equipamentos de taller industrializados .
MP0545	Mecanizado por control numérico en carpintaría e moble.	UC0162_1 Mecanizar madeira e derivados.
MP0542	Control de almacén.	UC0171_2 Controlar e organizar compoñentes e accesorios de carpintaría e moble.
MP0546	Montaxe de carpintaría e moble.	UC0172_2 Montar mobles e elementos de carpintaría.
MP0547	Acabamentos en carpintaría e moble.	UC0166_2 Preparar o soporte e pór a punto os produtos e os equipamentos para a aplicación do acabado. UC0168_2 Realizar a tinguidura, e acabamentos especiais e decorativos.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC0160_2 Preparar máquinas e equipamentos de taller.	MP0540 Operacións básicas de carpintaría. MP0541 Operacións básicas de moblaxe.
UC0161_2 Preparar máquinas e equipamentos de taller industrializados.	MP0544 Mecanizado de madeira e derivados. MP0545 Mecanizado por control numérico en carpintaría e moble.
UC0162_1 Mecanizar madeira e derivados.	
UC0171_2 Controlar e organizar compoñentes e accesorios de carpintaría e moble.	MP0542 Control de almacén.
UC0172_2 Montar mobles e elementos de carpintaría.	MP0546 Montaxe de carpintaría e moble.
UC0166_2 Preparar o soporte e pór a punto os produtos e os equipamentos para a aplicación do acabado.	MP0547 Acabamentos en carpintaría e moble.
UC0168_2 Realizar a tinguidura, e acabamentos especiais e decorativos.	

Nota. Os módulos profesionais MP0539: solucións construtivas e MP0543: documentación técnica validaranse cando se teñan acreditadas todas as unidades de competencia que se inclúen no título.